

Zeltia Burgos Tortosa, secretaria nacional da CIG-Autonómica, co enderezo para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e enderezo para notificación preferente no correo electrónico autonomica@cigadmon.gal, presento as seguintes alegacións ao:

Informe das medidas adoptadas en aplicación do protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID - 19, Consellería de Política Social - Finalización primeira fase.

Logo do estudo do Informe da primeira fase da Consellería de Política Social enviado aos delegados de prevención o luns 1 de xuño, salientamos que non se tratou no comité de seguridade e saúde laboral do xoves 28. Polo que adiantamos as seguintes alegacións para a rectificación do informe de primeira fase antes da **vindeira reunión do comité de seguridade e saúde laboral desta consellería**, que recordamos que segundo o protocolo de reincorporación e medidas xerais ten que ser tratado alí **previo para pasar a segunda fase**.

De terse incorporado persoal da segunda fase **solicitamos a volta cautelara ao domicilio** para realizar traballo non presencial **ata a comprobación das medidas polo SPRL e a valoración do informe no CSSL**, ámbalas dúas garantías previstas no Protocolo Xeral aprobado polo Consello da Xunta

EXPOÑO:

- Neste informe sobre a Finalización da primeira fase incide nos mesmos erros que xa reclamamos nas alegacións o anterior informe de Actuacións preliminares. Así atopamos de novo cun informe bastante xenérico cunha recompilación numérica dos diferentes empregados públicos que traballan en cada centro directivo, e dicir, **un informe para saír do paso e dar o tramite por cumprido**, sen ter en conta as diversas peculiaridades que contan os diferentes servizos de traballo da Consellería de Política Social. Neste sentido o informe debe conter a identificación individualizada dos postos, non dar só cifras. Debe identificar as medidas a tomar e unha vez elaborado, debe ser ratificado polo servizo de prevención de riscos.
- Dentro deste informe temos que destacar a ausencia total de datos da diagnose e medidas impoñidas dos centros e servizos do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, dos centros de día, das residencias de tempo libre e das residencias xuvenís e escolas infantís. Ante a discusión de si están dentro do ámbito ou non adiantamos que ao non realizarse un específico non se pode incorporar persoal e actividade nestes centros sen protección polo que esiximos a súa cobertura.

Destacamos a total ausencia neste informe dos servizos centrais do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e reclamamos a súa urxente incorporación ao informe.

- Este informe non é substituto da Avaliación de riscos laborais que ten que efectuarse en todos os centros así como en todos os postos e incluír as zonas comúns, zonas de tránsito, aseos, equipos de uso común, e labores ou funcións específicas dos postos adscritos neses centros. É importante que nesta Avaliación veña a identificación deste risco biolóxico e da súa probabilidade así como as medidas preventivas previstas no plan de acción. Si se fixeron avaliacións estas deben constar no informe e os protocolos ou plans que xorden desta como ai o están a facer outras consellerías. A día de hoxe pola información que contamos aínda hai departamentos que non conta con todas as medidas de protección e prevención e o persoal foi incorporado ás bravas. Neste sentido xa temos presentado denuncias perante a Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- O informe non detalla as medidas adoptadas por centro directivo e/ou xefatura como indica que debe facerse o Protocolo xeral.
- Así persoal require escaseza de material por enriba de todo que non teñen mascarar suficientes para todas as xornadas e incluso teñen que levar o seu propio xel e mascarar. Compre entrega suficiente de EPIs e comprobación con recibos ao persoal cando se entrega material coa especificación dos días para os que lle serve e que antes do seu remate se renove.
- Aínda que o teletraballo COVID a mellor ferramenta para a prevención deste risco laboral e é unha necesidade da empresa xa que esta ten o deber da protección do seu persoal non se fomenta adecuadamente e incluso na fase 2 se retira ao persoal que viña teletraballando coma se tratase dun permiso. Hai postos que poden non ser susceptibles de teletraballo total pero si parcial coa reordenación do traballo, así o persoal técnico e inspector pode xuntar as visitas nun ou dous días a semana e o resto teletraballar, o mesmo co administrativo e incluso cos axentes medioambientais que poden realizar teletraballo para informes, etc.. Dende a CIG consideramos favorable esta medida para que a administración para continuar o seu funcionamento e non estar paralizada durante a emerxencia sanitaria e instamos a súa regulación para evitar o abuso patronal. Solicitamos información das solicitudes de teletraballo COVID, de como esta funcionando, dos mecanismos de seguimento...
- Xa que o risco ao Covid-19 non so esta na cadeira do posto (en referencia a case única medida da separación dos 2 metros como indicativo para a reincorporación presencial) senón no uso de espazos comúns, transporte, rúas...Para a CIG é unha temeridade abandonar tan rápido o teletraballo cando ademais funciona e vai en contra do proposto pola normativa estatal.

Neste sentido, o artigo 5 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da Covid-19,

estabelece pola primeira o carácter preferente do teletraballo, como sistema organizativo idóneo para evitar a transmisión da doenza e, nomeadamente, para garantir a continuación da actividade laboral en condicións de normalidade após a crise sanitaria. Os prazos teñen que concordar coa lexislación do estado co decreto de alarma . Compre actuar neste sentido e facilitar medidas organizativas polas que se poda aumentar as xornadas de teletraballo (concentrando xornadas de inspeccións ou tarefas de campo e deixando traballo de oficina noutros días para teletraballo)

- De seguir na pretensión de reincorporar ao persoal xa nesta fase, temos que recordar que en canto ao ámbito temporal desta medida, a liña primeira da disposición derradeira décima do mesmo RDL 8/2020 establece que se mantén até un mes despois do fin da vixencia do estado de alarma, declarado inicialmente mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Posteriormente, o artigo 15 do Real Decreto-lei 15/2020, do 21 de abril, prorrogou a súa vixencia durante os dous meses posteriores ao cumprimento da vixencia inicialmente prevista, e sen prexuízo das prórrogas adicionais que poida acordar o Goberno español. **En conclusión, a duración mínima das medidas que se conteñen baixo a rúbrica «Carácter preferente del trabajo a distancia» será a duración do estado de alarma coas correspondentes prórrogas e tres meses máis.** (A día de hoxe, o estado de alarma está prorrogado até ao 07/06/2020, en virtude da Resolución do 20/05/2020, do Congreso dos Deputados).
- Temos **persoal que convive con xente de risco**, reclamamos que unha vez xustificada a circunstancia se facilite a súa flexibilidade no traballo para a non coincidencia con outras persoas e o teletraballo con carácter preferente, para evitar elevar o risco de contaxio e lévalo para a súa casa.
- Recordamos o acordo coa DX de Función Pública **de que o persoal sensible non acuda ao traballo mentres non se resolve a súa solicitude.** Ademais compre información sobre as solicitudes do persoal sensible, cantas solicitudes teñen, cantas están resoltas, cantas se resolven con baixa,...e en que estado esta o proceso de resolución das mesmas.
- Solicitamos información da previsión que ten a Consellería a partir do 15 de xuño. Recalcamos a necesidade de medidas de conciliación así como de continuar co teletraballo.

E por iso, **SOLICITO:**

1. A corrección **do informe nas seguintes cuestións coa paralización cautelara da implantación da segunda fase** ata a súa resolución:
2. Que en dito informe se recolla a identificación dos postos, os que teñen

teletraballo, os que non, identificar o postos esenciais así como aqueles que non traballan nas oficinas como pode ser o persoal campo, a identificación das medidas se van a tomar. E unha vez elaborado o informe se ratifique polo servizo de prevención de riscos.

3. Se realice a Avaliación de riscos dos centros e de todos os postos, incluíndo aseos, fotocopiadoras, zonas de tránsito,... Reclamamos a aplicación de medidas organizativas.
4. A inclusión no informe as medidas impremeditadas no Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, nas residencias de tempo libre e nas residencias xuvenís.
5. Se recolla a continuidade do teletraballo COVID, ata o último momento sinalado pola normativa do Estado, e que se fomente este e as medidas organizativas para que o persoal de campo poda realizar os seus informes ou trámite de expedientes dende o teletraballo ou con medidas que eviten coincidir no mesmo espazo de traballo ao tempo.
6. Información de cantas solicitudes de teletraballo COVID; diferenciado do teletraballo ordinario. Solicitamos que se informe como esta funcionando, se existe un sistema de de seguimento.
7. Medidas organizativas que faciliten ao persoal que conviva con xente de risco, e unha vez xustificada esa circunstancia, a flexibilidade no seu traballo para non coincidir en espazos ou franxas horarias que eleven o risco de contaxio e de levalo para a súa casa, e de ser posible prevalecer o teletraballo sobre calquera outra medida.
8. Asegurar que o persoal sensible non se incorpora ao traballo ata a resolución da súa solicitude. Ao tempo pedimos información sobre as solicitudes do persoal sensible, cantas solicitudes teñen, cantas están resoltas, cantas se resolven con baixa,...e en que estado esta o proceso de resolución das mesmas.
9. Información da previsión que ten a Consellería a partir do 15 de xuño co persoal de teletraballo conciliación. Recalcamos a necesidade de medidas de conciliación para todo o persoal así como de continuar co teletraballo COVID como indica a normativa estatal exposta.

Compostela, 2 de xuño de 2020

Asdo. Zeltia Burgos Tortosa

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE Política SOCIAL



Confederación Intersindical Galega – CIG-Autónomica
Edif. Administrativo San Caetano – 15781 Santiago de Compostela
www <http://autonomica.cigadmon.gal>
telegram <http://t.me/cigautonomica>
twitter @CIGAutonomica
facebook CIG Autonomica

